

MEDIDAS DE FUNCIONAMENTO DAS BIBLIOTECAS DE XESTIÓN AUTONÓMICA A PARTIR DO 22 DE XUÑO DE 2020 ATA O LEVANTAMENTO DA EMERXENCIA SANITARIA EN GALICIA

Desde o 15 de xuño, Galicia non está en estado de alarma e mantense a declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020. O recente Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 establece as medidas de prevención necesarias para seguir controlando a pandemia, tendo en conta a subsistencia dunha situación de crise sanitaria.

Os efectos iniciáronse o día 15 de xuño de 2020 e manteranse ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego.

1. Servizos que prestarán as bibliotecas

Prestaranse os servizos habituais dun equipamento cultural bibliotecario:

- Préstamo e devolución de obras.
- Consulta, lectura e estudo en sala.
- Información bibliográfica e bibliotecaria.
- Préstamo interbibliotecario e intrabibliotecario.
- Colección en libre acceso.
- Hemeroteca.
- Uso de espazos comúns (salas de reunións, etc).
- Préstamo de equipos telemáticos públicos e acceso OPACs.
- Actividades culturais presenciais e dixitais.
- Información e referencia presenciais.
- Acceso a catálogos en fichas da biblioteca ou publicacións electrónicas.

2. Medidas de prevención

Os centros deberán asegurarse de que todos os usuarios/as adoptan as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade covid-19, así como a propia exposición aos ditos riscos.

A distancia interpersonal entre usuarios e entre estes e o persoal da biblioteca será de polo menos 1,5 metros. Poderá ser dun metro cando se conte con elementos de protección ou barreira.

Cando non se poida manter a distancia interpersonal será obrigatorio o uso das medidas de protección física: uso de máscara, de hixiene de mans e a etiqueta respiratoria.

A obriga de uso de máscara será exigible sempre que se estea ou se transite polos espazos comúns. Tamén se utilizará durante o desenvolvemento das actividades de dinamización presenciais e as visitas á biblioteca cando non se poida manter a distancia de seguridade.

Non será exigible a máscara nos supostos seguintes

- As persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara.
- Persoas que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
- Situacións de forza maior ou de necesidade.
- Cando pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.
- Para nenos e nenas que, pola súa altura, non constitúan ameaza de contaxiar.
- O persoal ou os usuarios/as mentres estean sentados.

Deberanse manter á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida, debidamente autorizados e rexistrados, en lugares accesibles e visibles, e, en todo caso, na entrada da biblioteca e en cada sala ou espazo de uso público, ademais das zonas de traballo, e deberán estar sempre en condicións de uso.

Préstamo de libros e outros recursos da biblioteca

Permitirase o acceso libre polos usuarios á colección de acceso directo, segundo as normas habituais establecidas pola biblioteca.

Antes e despois de manipular cada material de préstamo deberanse lavar ou desinfectar as mans.

Ademais:

- Libros, prensa, publicacións periódicas e outros recursos de papel non terán medidas de depósito temporal entre usos.

- Durante a lectura da prensa manterase posta a máscara en todo momento, agás os supostos excepcionados.
- Os usuarios/as e o persoal deberá desinfectar as mans antes e despois do seu uso ou manipulación.
- Outro material da biblioteca plástico (discos, DVD etc.) ou obxectos electrónicos de uso público utilizado polos usuarios/as: non se aplicará ningunha medida de depósito temporal. Limparanse con alcohol isopropílico (70%) despois da súa devolución desde o préstamo.
- Auriculares de audición para aparellos electrónicos: os usuarios/as utilizarán preferentemente os seus propios. Cando por circunstancias especiais deben prestarse os da biblioteca, o persoal, previa desinfección das mans, cubriraos con film transparente, que se desbotará e cambiará para o seguinte uso polo público.
- Outros obxectos físicos da biblioteca que se intercambien cos usuarios: procurárase o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.

3. Medidas xerais de hixiene e prevención

3.1. Limpeza e desinfección

Realizárase a limpeza e a desinfección frecuente de calquera tipo de dispositivo, así como de cadeiras, mesas ou calquera outro mobiliario ou superficie de contacto que empreguen distintos usuarios.

Realizárase, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións, con especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes, como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas e outros elementos de similares características, conforme ás seguintes pautas:

Utilizáranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectáranse as indicacións da etiqueta.

Manterase a limpeza no cambio de quenda dos postos de traballo e nos equipamentos compartidos por máis dun traballador(a).

Procurárase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurárase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.

Manterase a ventilación periódica nas instalacións e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire.

Cando os centros dispoñan de ascensor e/ou montacargas, utilizaranse preferentemente as escaleiras, deixándose o ascensor para o traballo técnico do persoal.

Cando sexa necesario utilízalos, a súa ocupación máxima será dunha persoa, salvo que se trate de persoas conviventes ou que empreguen máscaras todos os ocupantes.

Revisarase frecuentemente o funcionamento e a limpeza de sanitarios, billas e pomos de porta dos aseos.

Manteranse as papeleiras para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día.

3.2. Control da capacidade dos espazos

Para a realización das actividades ordinarias do servizo bibliotecario así como para as actividades presenciais de dinamización bibliotecaria e cultural, as salas poderán ser ocupadas ata o setenta e cinco por cento (75%) sobre a súa capacidade ou capacidade máxima permitida. Manterase a información pública sobre a capacidade máxima de cada espazo de uso público.

Manterase a sinalización da organización da circulación de persoas procurando, na medida do posible, manter a distancia interpersoal.

Manteranse as medidas adoptadas para evitar aglomeracións en determinadas zonas, tanto no interior como no exterior, e previr o contacto entre usuarios/as.

O persoal de seguridade velará para que se respecte a distancia interpersoal e evitará a formación de grupos numerosos e aglomeracións, prestando especial atención ás zonas de escaleiras, ascensores, zonas comúns de paso e zonas recreativas.

As visitas de grupos serán dun máximo de ata vinte e cinco persoas, incluído o guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

Manteranse e/ou estableceranse por todo o centro os percorridos establecidos para separar circulacións ou organizar horarios de visitas para evitar aglomeracións de visitantes e evitar interferencias entre distintos grupos ou visitas. As zonas onde se desenvolvan traballos de mantemento serán acoutadas para evitar interferencias coas actividades.

A ocupación máxima para o uso dos aseos para os usuarios/as será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados, salvo naqueles supostos de persoas que poidan

precisar asistencia; nese caso tamén se permitirá a utilización por parte do seu acompañante. Para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do cincuenta por cento (50%) do número de cabinas e urinarios que teña a estancia, e deberá manterse durante o seu uso a distancia interpersonal.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2020

A subdirección xeral de Bibliotecas e do Libro